

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 20 DE MARZO DO 2025.**

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p align="center">Membros que asisten:</p> <p>MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p align="center">Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center">Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center">Membros que non asisten: VIDAL PEON XABIER</p>
---	--

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do d3a Vinte de Marzo do Dous mil vinte e cinco, re3nense os se3ores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesi3n pola Presidencia, p3sase ao exame, deliberaci3n e votaci3n das propostas incl3idas na orde do d3a desta sesi3n, adopt3ndose, por delegaci3n da Alcald3a efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- APROBACI3N DAS ACTAS DE SESI3NS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesi3n ordinaria celebrada na data 13/03/2024

2.- DACI3N DE CONTA DO DECRETO 202503/125

D3ase conta 3 Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio P3rez Barral, de data 07/03/2025. DECRETO: "EXCLUSI3N DE OFERTA INACEPTABLE E REQUIRIMENTO DE XUSTIFICACI3N DE OFERTA INCURSA EN PRESUNCI3N DE ANORMALIDADE NO EXPEDIENTE DE CONTRATACI3N DAS OBRAS DE "VESTIARIOS CAMPO F3TBOL OLEIROS (OLEIROS)""

3.- DACI3N DE CONTA DO DECRETO 202503/165

D3ase conta 3 Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio P3rez Barral, de data 11/03/2025. DECRETO: "APROBACI3N DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACI3N DE LAS OBRAS DE "REHABILITACI3N DEL CONSERVATORIO DE AGUIÑO" (PIREP 2) - REACT-UE NEXT GENERATION". FINANCIADAS CON FONDOS DEL PLAN DE RECUPERACI3N,



TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)”

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202503/168

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 11/03/2025. DECRETO: “ADXUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DO CONTRATO PRIVADO DE ORGANIZACIÓN DA ACTUACIÓN TRIBUTO A MECANO “NO TIENES NADA QUE PERDER””

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202503/170

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 11/03/2025. DECRETO: “AMPLIACIÓN DEL PLAZO DE EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DEL PROYECTO “REHABILITACIÓN Y MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DE LA CASA CONSISTORIAL DE RIBEIRA. REFORMA INTERIOR E INSTALACIONES.”. (PIREP 1) - REACT-UE NEXT GENERATION””

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202503/187

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 12/03/2025. DECRETO: “REQUIRIMENTO DE XUSTIFICACIÓN DE OFERTA INCURSA EN PRESUNCIÓN DE ANORMALIDADE NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA LIÑA DE AUGA NA RÚA RÍO AZOR”

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202503/191

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 12/03/2025. DECRETO: “REQUIRIMENTO DE XUSTIFICACIÓN DE OFERTA INCURSA EN PRESUNCIÓN DE ANORMALIDADE NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO EN RÚA DA CERCA (AGUIÑO)””

8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202503/195

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 12/03/2025. DECRETO: “CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE CATERING DO ENCONTRO DAS PERSOAS MAIORES DE RIBEIRA 2024”



9.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202503/235

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/03/2025. DECRETO: “2ª AMPLIACIÓN DEL PLAZO PARA LA EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DEL PROYECTO DE “REORDENACIÓN DE LA PLAZA DEL CENTENARIO E INTEGRACIÓN CON LA PLAZA DEL CONCELLO PARA EL FORTALECIMIENTO DE LA ACTIVIDAD COMERCIAL DEL ENTORNO”, FINANCIADAS CON FONDOS DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)”

10.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202503/240

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/03/2025. DECRETO: “APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD DE LAS OBRAS “PUESTA EN VALOR DEL ENTORNO LITORAL DE LA AMEIXIDA”. PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA. FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU”

11.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202503/252

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/03/2025. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE CATERING DO ENCONTRO DAS PERSONAS MAIORES DE RIBEIRA 2025”

12.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202503/256

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/03/2025. DECRETO: “PRÓRROGA FORZOSA DO CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO “SERVICIOS DE MASAXE, SOCORRISMO, CONSERXERÍA, MONITORADO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS, ASESORAMENTO E DINAMIZACIÓN DA SALA DE FITNESS, DINAMIZACIÓN DAS PISTAL DE PÁDEL E COORDINACIÓN DOS SERVIZOS DE MONITORADO DO DEPARTAMENTO DE DEPORTES DO CONCELLO DE RIBEIRA””

13.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202503/257

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/03/2025. DECRETO: “CLASIFICACIÓN DE LAS OFERTAS Y PROPUESTA DE ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE ORBAS DEL PROYECTO DE MEJORA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE E ILUMINACIÓN EFICIENTE. FINANCIADO CON FONDOS DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION (PRTR)”



14.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202503/258

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/03/2025. DECRETO: “APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E DO PROGRAMA DE TRABALLO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN ASFÁLTICA NOS MUIÑOS””

15.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202503/269

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/03/2025. DECRETO: “REQUIRIMENTO PARA A EMENDA DA DOCUMENTACIÓN CONTIDA NO SOBRE 1 E EXCLUSIÓN DO LICITADOR QUE PRESENTOU SOLICITUDE CON DEFECTOS NON EMENDABLES NO PROCEDIMENTO DE ALLEAMENTO MEDIANTE POXA PÚBLICA DE 14 ROCHOS E 12 PRAZAS DE GARAXE PROPIEDAD DO CONCELLO DE RIBEIRA”

16.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202503/270

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/03/2025. DECRETO: “ADXUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR DO CONTRATO PRIVADO DE ORGANIZACIÓN DO ESPECTÁCULO-MONÓLOGO “CHUNGO” DO ARTISTA LUÍS ZAHERA”

17.- SOLITUDE TRANSMISIÓN DEREITOS FUNERARIOS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE PALMEIRA - María Isabel Teira Argibay

VISTA a solicitude de data 15 de novembro de 2024 (rex de entrada nº 28135) presentada por **Dna. María Isabel Teira Argibay, co DNI nº ***152*****, e domicilio no lugar de Fonte de Briso, nº 8 CP 15886, Teo (A Coruña) no que pon de manifesto que

“siendo heredera de D. Manuel Teira Pérez, fallecido el 24 de agosto de 2015, de panteón ubicado en Palmeira del cual también es propietaria su hermana Mercedes Teira Pérez, también fallecida. Ambos propietarios del panteón comprendido de cuatro sepulturas con numeración 1125-1126-1127-1128. Ante la imposibilidad de que me contesten a la solicitud de dividir los panteones, una vez que me puse en contacto con los herederos de Mercedes no recibo respuesta después de meses y del envío correspondiente de varias comunicaciones.

Solicito: que me sean asignados a mi nombre la sepulturas nº 1126 y 1127 en las cuales están enterrados mis padres”.

ACREDITADA a publicación no BOP nº 248 de 26 de decembro de 2024 do anuncio sobre a solicitude de Dna. **Dna. María Isabel Teira Argibay**.

ACREDITADO que rematado o prazo de exposición ao público do devandito anuncio non se presentou ningunha reclamación e/ou alegación.

VISTO o informe emitido polo secretario xeral da Corporación con data 14 de marzo de 2025



CONSIDERANDO os artigos correspondentes da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos no cemiterio municipal, o Decreto 2263/1974, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria, os artigos 2, 4, 75, 78 e 79 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, o artigo 93 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e a Disposición Adicional Segunda punto Noveno da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Examinada a documentación que integra o expediente e comprobados os extremos aportados pola interesada

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón adopta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro:-Autorizar o cambio da titularidade dos dereitos funerarios sobre as sepulturas nº 1126 e 1127 do cemeterio de Palmeira a favor de Dna. María Isabel Teira Argibay, co DNI nº ***152***, e domicilio no lugar de Fonte de Briso, nº 8 CP 15886, Teo (A Coruña), sendo os antigos titulares D.. Manuel e Dna. Mercedes Teira Pérez, ambos falecidos.

Segundo:- Notificar á interesada o presente acordo, modificando o título que acredita a concesión de uso funerario.

Terceiro:- Inscribir a modificación do título que acredita a concesión de uso funerario no Libro Rexistro do cemeterio.

Cuarto:-Facultar ó Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

18.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

3797 17.02.2025 C.P. AVENIDA DEL MALECÓN Nº 38, limpeza de cuberta e substitución de canalons e baixantes, na rúa de Galicia, nº 54, Ribeira.

19.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

4547 25.02.2025 CENTRO RECREATIVO DE ARTES, pequenos traballos no interior do local social do Centro Recreativo de Artes, consistentes na colocación de un zócalo vinílico no salón de actos, no lugar de Seago, 9, Artes.



20.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

857 13.01.2025 JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ PALACIOS (SERVICIOS DE CONSTRUCCIÓN Y CONTRATAS, S.L.), sustitución de instalacións e acabados piso 2-B, na Avda. do Malecón, 31, Ribeira.

21.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

3702 17.02.2025 ANGEL SAMPEDRO AYASO, arranxo de tellado-renovación de cuberta, na rúa da Cerca, nº 61, Aguiño.

22.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

4223 21.02.2025 CORUÑA FILMS S.L., acondicionamento de vestíbulo de multicines Barbanza, Padín, Ribeira.

23.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

17298 03.07.2024 BRAIS PEGO PAZ, execución de soleira, no lugar de Bretal, Olveira.

24.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

4391 24.02.2025 ADRIAN LIJÓ SANTOS, subir peche opaco ata 1,5 m. en pedra, máis 0,50 en malla, na Avda. do Ferrol, Ribeira.

*Así mesmo se lle informa que **"TEN QUE RESPECTAR 10 M DENDE O EIXO – VIA TIPO I"**, segundo



consta no informe do arquitecto técnico municipal, de data 17/03/2025.

25.- LICENZA MUNICIPAL PARA REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE. LUGAR: RÚA BOUCIÑA, Nº 62, PALMEIRA, RIBEIRA. PROMOTOR: ROSA MARÍA BOUZAS CAAMAÑO

VISTA a solicitude de licenza urbanística para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE**, no lugar de **RÚA BOUCIÑA, Nº 62, PALMEIRA, RIBEIRA** da que é promotora **DNA. ROSA MARÍA BOUZAS CAAMAÑO**.

VISTO o informe emitido polo arquitecto municipal o día **5 de febreiro de 2024**.

VISTO o informe emitido polo arquitecto municipal o día **24 de febreiro de 2025** en relación á **fianza** para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en **398,95 €**.

VISTO o informe emitido polo **técnico de administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo** de data **27 de febreiro de 2025** e

VISTO o informe do **secretario xeral da Corporación** de data **28 de febreiro de 2025**,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Rosa María Bouzas Caamaño LICENZA DE OBRAS (Nº11/25) para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE** e sita na na **Bouciña nº 62, Palmeira, Ribeira**, en parcela con refª catastral nº 15074A007009270000KI, nos termos do proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 30 de xaneiro de 2025 redactado por D. Jose M Tudó Anta (arquitecto col. nº 2.071) e D. Ignacio Emilio Rodríguez Galán, (arquitecto col. nº 2.064):

-Deberá depositar unha fianza nas arcas municipais de 398,95 € para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa.

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.*

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.



CUARTO.- En atención ao artigo 23 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando o concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades.

QUINTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os*



seguintes datos: “1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista”.

- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO:- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

DÉCIMO PRIMEIRO:-NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.



26.- LICENZA MUNICIPAL PARA REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE. LUGAR: RÚA NOVA, Nº 37, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA. PROMOTORA: ELENA PIÑEIRO REIRIZ

VISTOS os escritos presentados por Dna. Elena Piñeiro Reiriz, (DNI ***304***), rexistrados de entrada os días **27 de setembro de 23, 25 de marzo de 2024** así como **8 de xaneiro de 2025**, (Registro de entrada nº 22.367, 7.373, 496), mediante os que solicita licenza de obras para reforma de vivenda unifamiliar existente, sita na **Rúa Nova nº 37, Castiñeiras, Ribeira**, en parcela con refª catastral nº 0293908NH0009S0001OG achegándose Proxecto Básico Reformado Reformado asinado dixitalmente o día 24 de decembro de 2023 redactado por D. Manuel J. Domínguez Rodríguez, (arquitecto col. nº 4.916), Oficio de Dirección de Obra así como Oficio de Execución e Coordinación de Seguridade e Saúde sen visar así como Escritura de compravenda autorizada pola notario de Ribeira Dna.Mª Covadonga Vázquez López o día 25 de xuño de 2025.

VISTO o informe técnico favorable emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital o día **18 de febreiro de 2025**.

VISTO o informe técnico emitido polo **arquitecto municipal** o día **24 de febreiro de 2025** en relación á fianza para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en de **451,25 €**.

VISTO o informe emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **27 de febreiro de 2025**, ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no que propónse conceder a licenza urbanística de referencia en harmonía co informe do arquitecto municipal de data 18 de febreiro de 2025.

VISTO o informe emitido polo Secretario Xeral da Corporación con data **28 de febreiro de 2025** en relación co disposto no artigo 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre o Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional e o artigo 142 da Lei 2/2016, de 16 de febreiro do Solo de Galicia.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- CONCEDER a Dna Elena Piñeiro Reiriz **LICENZA DE OBRAS (Nº 12/25)** para **REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE** e sita na **Rúa Nova nº 37, Castiñeiras, Ribeira**, en parcela con refª catastral nº 0293908NH0009S0001OG, nos termos do Proxecto Básico Reformado Reformado asinado dixitalmente o día 24 de decembro de 2023 redactado por D.Manuel J. Domínguez Rodríguez, (arquitecto col. nº 4.916):

*-Deberá depositar unha fianza nas arcas municipais de **451,25 €** para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa.*

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.*

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia



autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- As obras iniciaranse no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de Eficiencia Enerxética.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección



técnica.

- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participará a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO.- Durante a execución das obras non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E900172D2500W0G5C8S2K7W8 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 21/03/2025</p> <p>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/03/2025</p> <p>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/03/2025 11:10:35</p>	<p>DOCUMENTO: 20251518885</p> <p>Fecha: 21/03/2025</p> <p>Hora: 11:10</p>
---	---	---



- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

27.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN REGATA DE WINDSURF AO CLUB CATRO VENTOS

LOGO DE VER que D. Juan Parada Fernández, en representación do “Club Catro Ventos”, presenta escrito de data 04-03-2025. con número de rexistro de entrada municipal 5113, solicitando:

“Que el Clube de Windsurf Catro Ventos con CIF G70475645, tiene previsto organizar una regata de windsurf en las modalidades de Raceboard, Bic Techno y Formula Foil, los días 26 y 27 de Abril 2025. La regata figura en el calendario de la Real Federación Gallega de vela y se realizará en la ensenada de la playa de O Castro en Castiñeiras, siendo la partida y arribada de los participantes y embarcaciones de apoyo desde el puerto de Castiñeiras. Le informamos de que los pertinentes permisos a Capitanía Marítima, Puertos de Galicia, Autoridad Portuaria de Villagarcía y al Parque de las Islas Atlánticas están solicitados a espera de respuesta.

La organización de la prueba empezara a las 10:00 el sábado día 26 de Abril y será finalizada en torno a las 19:00 del Domingo 27 de Abril.

Para la celebración de la misma le solicitamos:

- *Que tenga a bien, autorizar el evento, comunicándolo por escrito para efectos del permiso de Capitanía Marítima y Puertos de Galicia.*
- *La presencia de Portecion Civil como apoyo en el agua durante la prueba”.*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:
“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.
2. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
3. O interesado, argumenta que ten solicitados os permisos pertinentes a Capitanía marítima, Portos de Galicia e Autoridade Portuaria de Vilagarcía.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 18-03-25, así como a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes de data 18-03-25, favorables á mesma con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:



Sexa autorizada a celebración da “Regata de Windsurf” –ao Club de Windsurf Catro Ventos cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para os días **26 e 27 de abril de 2025** ao longo de toda a xornada.
- A concesión desta autorización non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado (Demarcación de Costas, Capitanía Marítima, Portos de Galicia,...).
- Os organizadores da proba, terán en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, de seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- **Aportar efectivos do GAEM** para dar apoio na auga durante o desenvolvemento do evento (os extremos desta colaboración acordaranse en reunión entre os organizadores e o xefe do GAEM ou persoa na que delegue).
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

28.- SOLICITUDE CESIÓN DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE ARTES AO CENTRO RECREATIVO DE ARTES

LOGO DE VER que D. Manuel Reiriz Dios, en representación do Centro Recreativo de Artes, presenta escrito de data 17/03/2025, con número de rexistro de entrada municipal 6344, solicitando:

“A reserva do POLIDEPORTIVO DE ARTES para o día 17 de Abril dende as 10:00 horas ata as 14:30 horas, con motivo da celebración da festa “QUEDADA CON XESÚS” organizada por a UPA DE RIBEIRA”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”*
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Riveira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. O pavillón de Artes non ten actividade programada para a data solicitada.
4. O obxectivo do solicitante é facer unha xornada de xogos cos nenos da parroquia.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 18-03-25, así como a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes de data 18-03-25, favorables á mesma con condicionantes.



A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Autorizar ao Centro Recreativo de Artes para que poida utilizar o polideportivo de Artes, cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para **17 de abril de 2025, de 10.00 a 14.30 horas**.
- O solicitante, deberá poñerse en contacto cos responsables do departamento de deportes, para coordinar a apertura das instalacións.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

29.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN Á ANPA SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS, PARA A CELEBRACIÓN DA "CARREIRA MEMORIAL JUAN VIDAL"

LOGO DE VER que Dna. María del Carmen Muñiz Martínez, en representación da "ANPA SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS", presenta escrito de data 14/01/2025, con número de rexistro de entrada municipal 957, solicitando:

"DESDE EL AMPA SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS, COMO TODOS LOS AÑOS, SOLICITAMOS PARA REALIZAR EL EVENTO "CARRERA MEMORIAL JUAN VIDAL" EL DÍA 27 DE ABRIL DEL 2025.

- UN PUNTO DE LUZ.

- WC PORTÁTIL

- 150 MEDALLAS

- AGUA CORRIENTE

- PERMISO PARA MONTAJE DE UN "RICONCITO" DE VENTA DE REFRESCOS, CHUCHERÍAS Y CHOCOLATES.

- CONTENEDORES DE BASURA.

ESTA ACTIVIDAD SE CELEBRARÁ EN LAS PISTAS DEL CASTRO EN CASTIÑEIRAS EN JORNADA MATUTINA".

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer."
2. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:



“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.

3. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:

“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 17-03-25, así como a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes de data 17-03-25, favorables á mesma con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Autorizar á “ANPA SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS” para a celebración da “CARREIRA MEMORIAL JUAN VIDAL” cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para **27 de abril de 2025** dende as 9.00 horas e ata que remate a proba. **Esta autorización non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.**
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- **Aportar efectivos de protección civil e policía local** (os extremos desta colaboración acordaranse en reunión entre os organizadores e o xefe da policía local ou persoa na que delegue).
- Os efectivos de protección civil e policía local poderán abandonar a proba en caso de emerxencia grave.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

Así mesmo se **autoriza**:

- **Colocar un punto de luz** no lugar de saída e chegada da proba.
- Darlle ao organizadores **150 medallas** de participación.
- Colocar unha **toma de auga corrente** lugar.
- **A montaxe dun “rinconcito” de venda de refrescos, chucharías e chocolates.**
- Dotar a zona de **contedores de lixo.**

Non autorizándose a instalación dun WC portátil na zona por parte do concello.



30.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN AMBAR, PARA A CELEBRACIÓN DA XI CARREIRA POLA DIVERSIDADE

LOGO DE VER que Dna. Milagros Rey Pérez, en representación da asociación “Ambar”, presenta escrito de datas 14-03-2025, con número de rexistro de entrada municipal 6252, solicitando autorización para poder celebrar a XI CARREIRA POLA DIVERSIDADE, o domingo 11 de maio de 2025, con saída e chegada no Centro de Raqueta Sta Uxía. Tamén solicita:

- A reserva do aparcamento fronte Centro de Raqueta de 8.00 a 14.00 horas.
- A cesión de vallas.
- Poder utilizar as instalacións do Centro de Raqueta (baños, duchas, almacén e toma de corrente) durante a celebración do evento.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: *“Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”*
2. Segundo a *lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia*; no seu título II *Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte*, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:
“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 17-03-25, así como a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes de data 17-03-25, favorables á mesma con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Conceder autorización á Asociación Ambar para realizar XI CARREIRA POLA DIVERSIDADE, cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para **11 de maio de 2025** de 08.00h. a 14.00h.. Non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- Dar traslado á Policía Local e a Protección Civil da celebración do evento (a colaboración destes corpos no desenvolvemento da proba será acordada en reunión cos organizadores da proba).
- **Reservar a zona de aparcamento fronte ao Centro de Raqueta Sta Uxía, entre as 8.00 e as 14.00 horas**, para a montaxe da infraestrutura necesaria.
- Ceder para o desenvolvemento da proba 25 vallas.
- Ceder as instalacións do Centro de Raqueta para a utilización de baños, duchas, almacén e toma de corrente.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).



- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

31.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CARREIRA, PARA A CELEBRACIÓN DA XX CARREIRA VIRXE DA GUÍA

LOGO DE VER que Dna. María Ventura Sampedro Rego, en representación da Asociación de Veciños de Carreira, presenta escrito de data 06/03/2025, con número de rexistro de entrada municipal 5402, solicitando autorización para poder celebrar a XX Carreira Virxe da Guía, con saída e chegada no Campo da Festa de Carreira, o sábado 17 de maio de 2025, a partir das 10.00 horas. Tamén solicita:

- Colaboración da policía local e protección civil.
- A utilización das duchas do campo de fútbol da Guía e do Complexo A Fieiteira.
- Vallas.
- Podio.
- Toma de corrente no “Campo da Festa” (Carreira).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:
“Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal”.
3. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Riveira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 18-03-25, así como a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes de data 18-03-25, favorables á mesma con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Autorizar á Asociación de Veciños de Carreira para a celebración da XX Carreira Virxe da Guía cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **17 de maio de 2025** a partir das 10.00 horas e ata que remate a proba. **Este permiso non exime de outros que poidan ser necesarios a nivel público ou privado.**
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- **Ceder para o día da proba:** 20 Vallas e un podio para facer a entrega de trofeos.



- **Colocar unha toma de corrente:** No Campo da Festa (Carreira).
- **Aportar efectivos de protección civil e policía local** (os extremos desta colaboración acordaranse en reunión entre os organizadores e o xefe da policía local ou persoa na que delegue).
- Os efectivos de protección civil e policía local poderán abandonar a proba en caso de emerxencia grave.
- **Autorizar o uso das duchas do Complexo A Fieiteira e do campo de fútbol da Guía** o día da proba.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

32.- SOLICITUDE DE CESIÓN CAMPO DA TASCA AO CLUB SD XUVENTÚ AGUIÑO PARA A CELEBRACIÓN DO "X TORNEO DE FÚTBOL BASE DE AGUIÑO"

LOGO DE VER que D. José Manuel Vilas Álvarez, en representación do club SD Xuventú Aguiño, presenta escrito de data 13-01-2025, con número de rexistro de entrada municipal 873, solicitando o uso das instalacións do campo de fútbol da Tasca e da aula de música de Aguiño, os días 17 e 18 de abril de 2025, para a realización do "X Torneo de Fútbol Base de Aguiño", actividade na que está previsto que participen 32 equipos de fútbol base de idades comprendidas entre os 6 e os 11 anos. Tamén solicita 15 metros lineais de valla e un posto de Protección Civil durante o desenrolo do evento.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Riveira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
"Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".
2. Nos días mencionados anteriormente, o departamento de deportes non ten actividades programadas nas instalacións do campo municipal da Tasca.
3. O Campo Municipal da Tasca, non ten actividade programada para a data solicitada
4. Preguntado o departamento de cultura pola ocupación da aula de música de Aguiño, informa que está dispoñible para as datas solicitadas.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 13-03-25, e o informe con proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes, de data 13-03-25, favorables á mesma con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:



Autorizar a cesión Campo Municipal da Tasca e Aula de Música de Aguiño ao Club Xuventú Aguiño, para a celebración do “X Torneo de Fútbol Base de Aguiño, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais”, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- Esta autorización concédese para **os días 17 e 18 de abril de 2025 ao longo de toda a xornada**.
- **Ceder 15 metros lineais de valla**.
- **Aportar efectivos de protección civil dispoñibles** (acordaranse os extremos desta colaboración en reunión co xefe desta agrupación).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto a responsabilidade civil como os posibles accidentes de espectadores e participantes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación.
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual da instalación entre outros).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

33.- SOLICITUDE DE CESIÓN DO ESTADIO DE ATLETISMO “ANA PELETEIRO” Á ESCOLA DE BOXEO “EL CANARIO”, PARA A CELEBRACIÓN DO III TORNEO STA UXÍA DE ATLETISMO

- Asunto retirado da orde do día debido a que o solicitante non o vai a realizar, a lo menos, nestas instalacións.

34.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONES – GALP

VISTA a proposta presentada pola **Alcaldía**, de data 14/03/2024, relativa á convocatoria de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo



(EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2025 (código de procedemento PE155A). Consellería do Mar, Xunta de Galicia (DOG nº 36, de data 21/02/2025).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento de “Proxectos de desenvolvemento local participativo dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e de Acuicultura 2021-2027”.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Luis A. Pérez Barral para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Administración competente a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a remitir na data correspondente a xustificación da realización dos proxectos e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

35.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA TRATAMENTO FITOSANITARIO NA SUBESTACIÓN ELÉCTRICA DE PALMEIRA - AGROENXEÑERÍA GALEGA C.B.

LOCALIZACIÓN:	LUGAR DE LOMBAS, PALMEIRA, RIBEIRA
REF. CATASTRAL:	15074A036006730000KM
EXPEDIENTE:	2025TMA-000025
SOLICITANTE:	JESÚS SANJURJO FERRO (**693**), EN REPRESENTACIÓN DE AGROENXEÑERÍA GALEGA C.B. (**450**)
TIPOLOXÍA DO SOLO:	SOLO URBANO, DOTACIONAL DE EQUIPAMENTO

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Escrito presentado por Jesús Sanjurjo Fero (**693**), en representación de Agroenxeñería Galega C.B. (**450**), de data 12 de marzo de 2025 (entrada núm. 6.002), mediante o que solicita autorización para levar a cabo un tratamento fitosanitario na subestación de Palmeira.

Informe emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 14 de marzo de 2025, no que se conclúe que non se apreciaron indicios fundados de incumprimento do establecido no artigo 49 do *R.D. 1311/2012, de 14 de setembro*, que cumpre cos requisitos mínimos esixidos pola normativa sectorial aplicable no relativo á tramitación administrativa a realizar ante o órgano competente da Administración Local, e establece unhas condicións para o desenvolvemento dos traballos.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS



Establece no artigo 49 do *R.D. 1311/2012, de 14 de setembro*, ao referirse aos condicionamentos xerais para os usos profesionais non agrarios, o seguinte:

"(...) 7. Con polo menos 10 días hábiles de antelación ao comezo de cada tratamento, o usuario profesional ou empresa contratante solicitará ao órgano competente da Administración Local a autorización para realizalo, especificando que será un tratamento múltiple no caso de que o pretende realizar para varios contratantes nas mesmas datas. A solicitude acompañarase do plan de traballo, do documento ou documentos de asesoramento e do contrato ou contratos respectivos, conforme ao expresado nos apartados 1, 5 e 6. (...)"

3. RESOLUCIÓN

Vista a proposta de resolución emitida ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 14/03/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Autorizar a aplicación de fitosanitarios solicitada nas condicións referidas no informe emitido polo Servizo Municipal de Medio Ambiente, que son as seguintes:

Medidas a adoptar polo solicitante:

- Con carácter xeral estarase ao disposto no artigo 50 do *R.D. 1311/2012, de 14 de setembro*:

1. Nos espazos utilizados polo público en xeral, o responsable da aplicación deberá:
 - a) Adoptar as medidas necesarias para evitar que se produza o acceso de terceiros, tanto durante a execución dos tratamentos como durante o período de tempo seguinte que se determinase necesario para cada caso.
 - b) Realizar os tratamentos en horarios en que a presenza de terceiros sexa improbable, salvo que se trate de xardíns cercados ou que sexa posible establecer unha barreira sinalizada que advirta ao público da prohibición do acceso á área comprendida dentro do perímetro sinalizado.

2. Nos espazos utilizados por grupos vulnerables, ademais de cumprir o especificado no apartado 1, requírese o coñecemento previo do director do centro afectado conforme ao expresado no apartado 1.a), para que poida adoptar as medidas preventivas que procedan. O director do centro, con polo menos 48 horas de antelación ao tratamento, poderá propoñer xustificadamente unha data ou hora máis apropiada.

3. Nos espazos de uso privado, sen prexuízo das restricións establecidas no artigo 47, atenderase ás condicións e requisitos especificados no contrato de tratamento e no plan de traballo, particularmente no que incumba ao interesado.

Con todo, como excepción ao establecido no artigo 16, nos tratamentos que se realicen nos espazos de uso privado definidos no artigo 46.1.d), os interesados están eximidos de levar o rexistro dos tratamentos fitosanitarios realizados, sen prexuízo da obrigaón de conservar os contratos de tratamento que realicen.

4. Nos espazos utilizados só por profesionais aplicaranse as seguintes condicións:
 - a) Os tratamentos nas redes de servizos, pola posibilidade de que as escorrentías poidan confluír de forma abundante en certos puntos, co consecuente risco de contaminación das augas superficiais ou subterráneas próximas, só se poderán realizar



con produtos fitosanitarios autorizados para estes usos, naqueles casos ou tramos en que non sexa viable a utilización de medios mecánicos ou outros alternativos, e sempre en épocas en que sexa menos probable que se produzan choivas.

O documento de asesoramento a que se refire o artigo 49.3 deberá incluír unha avaliación do impacto ambiental do tratamento que se pretenda realizar, atendendo ás condicións específicas de cada un dos tramos afectados.

b) Os tratamentos nos recintos das zonas industriais realizaranse con produtos fitosanitarios autorizados para estes usos, podéndose programar para cada período anual, nas épocas en que sexa menos probable que se produzan choivas, dúas ou máis tratamentos que permitan cubrir o control dos axentes nocivos nas súas fases de desenvolvemento activo no caso de que as condicións agroclimáticas determinen necesarios.

Nos casos en que o terreo estea asfaltado, hormigonado ou cuberto doutro material impermeable, os tratamentos fitosanitarios reduciranse aos bordos e xuntas da cuberta do chan para evitar a contaminación das augas superficiais ou as de rede de sumidoiros por lavado e escorrentía.

c) Nos tratamentos realizados en campos de multiplicación poderanse utilizar produtos fitosanitarios autorizados para cultivos distintos das especies ou variedades en multiplicación, a condición de que se especifiquen e xustifiquen no plan de traballo. Os operadores que xestionen os viveiros, ademais do mantemento do rexistro de tratamentos previsto no artigo 16.1, deberán manter dispoñible para os controis oficiais a documentación relativa ao proceso de selección dos produtos fitosanitarios utilizados.

d) Nos tratamentos fitosanitarios que se realicen nos centros de recepción sobre vexetais ou produtos vexetais destinados á alimentación humana ou animal, salvo que se dean as circunstancias previstas nos artigos 16 e 18.4 do *Regulamento (CE) n.º 396/2005, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de febreiro de 2005, relativo aos límites máximos de residuos de praguicidas en alimentos e pensos de orixe vexetal e animal e que modifica a Directiva 91/414/CEE, do Consello*, só se utilizarán produtos fitosanitarios autorizados especificamente para cada caso, conforme ao condicionamento establecido na súa autorización. Esta condición non é aplicable cando os tratamentos realizados no centro sexan a sementes ou outro material de reprodución vexetal.

Os centros de recepción onde se realicen tratamentos por ducha ou por inmersión deberán dispoñer de sistemas que permitan a reutilización das dilucións de produtos fitosanitarios, na medida en que poidan manter a súa eficacia e demais propiedades, e dun contedor estanco de capacidade e material apropiados para recoller os lodos e restos das dilucións refugadas, sen prexuízo do requirido conforme ao artigo 41.

- A aplicación de fitocidas suspenderase no caso de que a predición meteorolóxica indique choivas nas datas previstas, debendo garantirse tempo seco, como mínimo, o propio día da aplicación, un día antes e un día despois, sen prexuízo do exposto na disposición anterior.

- A empresa de tratamentos que vai realizar a aplicación deberá informar aos veciños do lugar e data de realización do tratamento obxecto da solicitude, identificando os produtos fitosanitarios que se van a utilizar, a fin de posibilitar que dispoñan de tempo suficiente para adoptar as precaucións convenientes.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20251518885
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 21/03/2025 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/03/2025 <small>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/03/2025 11:10:35</small>		Fecha: 21/03/2025 Hora: 11:10



36.- SOLICITUDE RESERVA DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA – María de los Ángeles Freire Oro

Visto o escrito presentado por **María de los Ángeles Freire Oro**, de data 13/03/2025 (Rexistro de entrada nº 6.026), no que solicita a habilitación dunha reserva de estacionamento de vehículos para persoas con mobilidade reducida na Rúa do Vilar (Palmeira).

Visto o informe emitido pola Policía Local, de data 17/03/2025.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda non autorizar** unha reserva de estacionamento de vehículos para persoas con mobilidade reducida na Rúa do Vilar (Palmeira), debido a que a zona está en obras.

37.- INFORME/PROPOSTA DE SINALIZACIÓN EN PRAZA DE CARREIRA

Queda sobre a mesa o informe/proposta emitido pola Policía Local, de data 15/03/2025, no que pon de manifesto que na praza de xogos (peonil) situada ao carón do Campo de Fútbol da Guía de Carreira, durante os fin de semana e días de entrenamiento se atopan estacionados sobre as beirarrúas, paseos e zonas peonís unha multitude de vehículos, o cal é una infracción de tráfico (art. 94.2e do Regulamento Xeral de circulación).

38.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 98/2025 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 2 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 98/2025, de data 11/03/2025, remitida polo Xulgado do Social Nº 2 de Santiago de Compostela, pola que se desestima a demanda (PO 264/2024) presentada a instancia de Alberto Maneiro Liñares contra o Concello de Ribeira.

39.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera (O DA RUBIA)

VISTO o escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera** en representación establecemento “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), de data 17/03/2025 (Rexistro de entrada nº 6.268), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), o día 22/03/2025, en horario de 21:00 h. a 01:00 h.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Verónica Elena Nogueira Carrera, para evento musical no establecemento hostaleiro “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), o día 22/03/2025, **en horario de 21:00 h. a 00:00 h.**

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Café Bar O da Rubia” (Ribeira) (**Verónica Elena Nogueira Carrera**), **deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía**



local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E900172D2500W0G5C8S2K7W8 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 21/03/2025 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/03/2025 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/03/2025 11:10:35</p>	<p>DOCUMENTO: 20251518885 Fecha: 21/03/2025 Hora: 11:10</p>
---	---	---



- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

40.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Francisco Pérez Otero (VENTOS VELLÓS)

VISTO o escrito presentado por **Francisco Pérez Otero** en representación establecemento “Bar Ventos Vellos” (Ribeira), de data 14/03/2025 (Rexistro de entrada nº 6.225), no que solicita permiso para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Bar Ventos Vellos” (Ribeira), o día 05/04/2025, en horario de 19:00 h. a 22:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Francisco Pérez Otero, para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Bar Ventos Vellos” (Ribeira), o día 22/03/2025, en horario de 21:00 h. a 01:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Ventos Vellos” (Ribeira) (Francisco Pérez Otero), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite*



de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”

- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixiancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
